

Estes cambios concederanse, dependendo das prazas, grupos e horarios vacantes, e sempre que se solicitara correctamente.

Capítulo 3: Pagos

Artigo 28.- Os pagos rexiranse conforme á Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo Servizo da Escola de Música Municipal, vixente no momento de efectual-la matrícula.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, unha vez aprobado definitivamente, se publicará no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor transcorrido 15 días dende a súa publicación, conforme o establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da lei reguladora de bases do réxime local, e ata a súa modificación ou derogación expresa."

Meira, a 3 de maio de 2006.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Rosendo Folgueira Valle.

R. 02165

Anuncio

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, por non se presentar reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elevase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 11 de maio de 2005, relativo ao **NOVO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIRA**. Procédese a publicación do texto completo de dita ordeanza, entrando en vigor transcorrido 15 días dende a súa publicación no BOP, conforme o establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85.

ANEXO

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIRA

Artigo 1.- Constitúe o obxecto deste regulamento regular o uso axeitado e funcionamento da piscina de titularidade municipal, que comprende todas as instalacións, edificios, recintos, terreos, vasos, equipamentos, adscritos ó servizo, ou que se habiliten para este servizo, calquera que sexa a forma de xestión, directa ou indirecta, ou a través de contratista.

Artigo 2.-

a) A piscina municipal do Concello de Meira é unha instalación de dominio público afectada ao servizo público do deporte e ocio. Tamén o son os bens mobles incorporados de forma permanente ás mesmas, tanto aqueles destinados especificamente á práctica deportiva da natación, como aqueles outros precisos para o mantemento das instalacións e equipamentos.

b) Con carácter xeral, as instalacións da piscina permanecerán abertas os meses de xullo e agosto de cada ano, de luns a domingo, durante oito horas diarias.

Non obstante o Concello de Meira resérvase a posibilidade de modificar as datas e horario, cando as circunstancias e a demanda do servizo así o aconsellen.

c) Poderá autorizarse o uso destas instalacións noutros momentos, se o interese da práctica deportiva que nelas se realiza, así o aconsella, e tal medida fora posible no que concerne á instalación e ós medios persoais e materiais que fan posible o funcionamento.

d) O uso destas instalacións da piscina municipal, suspenderase cando, por razóns de interese xeral, se programen actos deportivos ou doutra índole de forma extraordinaria, ou sexa necesario efectuar reparacións que afecten a partes vitais da instalación que non poidan esperar aos períodos de baixa afluencia de usuarios.

Artigo 3.- O acceso ás instalacións da piscina municipal farase, con carácter xeral, amosando ao persoal encargado da piscina o pase de entrada ou bono de tempada, aboado conforme dispón a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo da Piscina Municipal.

Artigo 4.- O persoal encargado das instalacións ten a facultade para negar o acceso ou expulsar a aquelas persoas que incumpran algunha das normas contidas neste regulamento, ou cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios, poñendoo en coñecemento da autoridade municipal pertinente.

Artigo 5.- O equipamento mínimo necesario para o uso das instalacións da piscina componse do seguinte:

- Gorro de baño.
- Bañador.
- Zapatillas de goma ou chanclas.

Artigo 6.- Establécense as seguintes normas disciplinarias e de seguridade, que persiguen fundamentalmente o fomento de hábitos hixiénicos, o coidado e mantemento das instalacións e a prevención de riscos de todo tipo:

a) Deberán respectarse os espazos reservados ós diferentes usos da instalación deportiva.

b) É obrigatorio o uso de zapatillas de baño en aseos, vestiarios e praia da piscina.

c) Prohibese comer en todo o recinto, así como utilizar envases de vidro, excepto no bar ou zonas acondicionadas.

d) Prohibese fumar en todo o recinto das instalacións.

e) Prohibese ensuciar a auga con prácticas anti-hixiénicas.

f) Prohibese a realización de xogos e prácticas perigosas, correr, zambullirse violentamente, arroxar obxectos, etc. e, en xeral, todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento das actividades que se leven a cabo.

g) Antes e despois do baño é obrigatorio ducharse.

h) Deberá facerse en todo momento un uso axeitado das instalacións, respectando tanto ós diferentes usuarios como ó persoal que atende as instalacións.

i) Prohibese o uso de aletas, colchonetas, gafas de cristal ou calquera outro elemento que poida producir un dano ou molestias ós usuarios, nos vasos da piscina.

j) Non poderán bañarse as persoas que padezan ou teñan sospeita de padecer algunha enfermidade infecto-contaxiosa, especialmente cutánea.

k) Deben observarse puntualmente as instrucións do socorrista da piscina.

l) Prohibese a entrada de animais en todo o recinto das instalacións, agás cans guía.

Disposición adicional primeira: En todo aquilo non previsto por este Regulamento estarase ó disposto no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo, da Consellería de Sanidade, así como as restantes disposicións legais vixentes na materia.

Disposición adicional segunda: A interpretación das normas deste Regulamento levarase a cabo polo Alcalde-Presidente do Concello de Meira, que poderá dictas as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Disposición Final: O presente Regulamento, unha vez aprobado definitivamente, se publicará no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor transcorrido 15 días dende a súa publicación, conforme o establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da lei reguladora de bases do réxime local, e ata a súa modificación ou derogación expresa."

Meira, a 3 de maio de 2006.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Rosendo Folgueira Valle.

R. 02167

Anuncio

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, por non se presentar reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elevase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 2 de marzo de 2006, relativo a nova ORDENANZA REGULADORA DA AUTORIZACION E CELEBRACION DE MATRIMONIOS CIVIS NO CONCELLO DE MEIRA procedéndose a publicación do texto completo de dita ordeanza, entrando en vigor transcorrido 15 días dende a súa publicación no BOP, conforme o establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA AUTORIZACION E CELEBRACION DE MATRIMONIOS CIVIS NO CONCELLO DE MEIRA.-

Artigo 1º: A presente ordeanza ten por obxecto a regulación da autorización e celebración de matrimonios civis no termo municipal do Concello de Meira.

Artigo 2º: Poderá autorizar o matrimonio civil, previa recepción da documentación que precisa, o Alcalde ou concelleiro en quen delegue de conformidade co establecido no Código Civil e demais disposicións vixentes.

Artigo 3º: As solicitudes de celebración de matrimonio civil serán dirixidas ao Sr. Alcalde, presentándose nas oficinas xerais do Concello de Meira, en calquera das formas permitidas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, coa antelación mínima necesaria para a tramitación das mesmas.

Artigo 4º: Os solicitantes cubrirán os datos que figuran no modelo que se recolle como anexo.

De estar vixente, achegarase á solicitude o resguardo do pago do depósito previo da taxa que se puidera establecer na correspondente ordeanza fiscal.

Artigo 5º: Ao acto de celebración do matrimonio civil, asistirá un/una funcionario/a do Concello, que procederá a dar lectura da acta e asistir ao Alcalde ou Concelleiro no que houbera delegado o acto solemne de celebración do matrimonio civil.

Artigo 6º: Unha copia das actas que se estendan quedará en poder do Concello, que posteriormente procederá a súa encadernación e custodia nos arquivos municipais e outra copia remitirase ao órgano rexistral competente, amén da entregada aos contraentes.

Artigo 7º: En todo momento, o Concello resérvase a posibilidade de resolver a cesión, caso de precisar a utilización das dependencias, sempre de xeito motivado e notificada ao interesado coa antelación suficiente, reintegrándolle ao interesado a taxa depositada.

Artigo 8º A fin de garanti-la boa conservación das dependencias municipais, os contraentes e demais asistentes á cerimonia absteranse de realizar no interior do mesmo o tradicional lanzamento de arroz ou calquera outro acto que poida supoñer o deterioro ou menoscabo das dependencias, facéndose cargo os contraentes dos desperfectos que se puideran ocasionar.

Artigo 9º: A celebración de ditos actos terá lugar preferentemente no Salón de Plenos municipal. Os contraentes poderán ornamentalos ou acondicionalos para dito acto, respectando sempre a harmonía e características do lugar e sendo ao seu cargo ditos gastos, así como os servizos complementarios que para a celebración do mesmo consideren, baixo a supervisión municipal.

Artigo 10º: Poderán realizarse fotografías e grabacións tanto durante o desenvolvemento do acto no salón destinado a tal fin, como no percorrido da entrada ao mesmo, con anterioridade e posterioridade á celebración do acto.

Todo elo, en tanto non se entorpeza o normal desenvolvemento da celebración, doutros actos, funcionamento dos servizos municipais, nin afecte aos elementos, dependencias e lugares obxecto de uso.